	Derriba integral ou recollida de cascallos en obra nova "todo mesturado", e posteriormente tratamento en planta.

Os colectores ou sacos industriais empregados cumprirán as especificacións, pola que se regula a xestión de residuos de construción e demolición.

3.4. OPERACIÓNS DE REUTILIZACIÓN, VALORIZACIÓN OU ELIMINACIÓN DE RCD

3.4.1. Previsión de operacións de reutilización

Márcanse as operacións previstas e o destino inicialmente previsto para os materiais (propia obra o externo):

	OPERACIÓN PREVISTA	DESTINO FINAL
X	Non hai previsión de reutilización na mesma obra ou en emprazamentos externos, simplemente serán transportados a vertedoiro autorizado.	Vertedoiro autorizado
X	Reutilización de terras procedentes da escavación.	Propia obra
	Reutilización de residuos minerais o pétreos en áridos reciclados o en urbanización.	
	Reutilización de materiais cerámicos.	
	Reutilización de materiais non pétreos; madeira, vidro, ...	
	Reutilización de materiais metálicos.	

3.4.2. Previsión de operacións de valorización

Márcanse as operacións de valorización 'in situ' previstas, segundo a listaxe dada pola Directiva 2008/98/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas Directivas.

	OPERACIÓN PREVISTA
X	Non hai previsión de valorización na mesma obra ou en emprazamentos externos, simplemente serán transportados a vertedoiro autorizado.
	Utilización principal como combustible ou como outro medio de xerar enerxía.
	Recuperación ou rexeneración de disolventes.

	OPERACIÓN PREVISTA
	Reciclado ou recuperación de sustancias orgánicas que non se utilizan como disolventes (incluídas as operacións de compostaxe e outras transformacións biolóxicas)
X	Reciclado e recuperación de metais o compostos metálicos.
	Reciclado o recuperación de outras materias orgánicas.
	Rexeneración ou outro novo emprego de aceites.
	Rexeneración de ácidos o bases.
	Tratamento de solos, producindo un beneficio á agricultura ou unha mellora ecolóxica dos mesmos.
	Acumulación de residuos para o seu tratamento segundo o Anexo II.B da Comisión 96/350/CE.

3.4.3. Eliminación de residuos non reutilizables nin valorizables

Neste punto indícase o destino previsto para os residuos non reutilizables nin valorizables 'in situ', indicando características e cantidade de cada tipo de residuos. Cando dentro dun tipo de residuo poden darse diferentes Materiais, aplícase unha porcentaxe aos menos habituais, calculando ao maioritario como a diferenza do total menos os minoritarios.

Para localizar as empresas de xestión e tratamento de residuos autorizadas máis próximas pódese consultar a base de datos do Sistema de Información de Residuos de Galicia – SIRGa - da Xunta de Galicia na dirección web <http://sirga.medioambiente.xunta.es/index.html>.

Para a xestión de residuos asimilables a urbanos debidos á implantación das oficinas de obra, así como a propia presenza humana para a execución das mesmas, de tipo como papel, cartuchos de tinta/tóner, plásticos, etc. en oficinas, incluíranse no sistema de recollida municipal aténdose ao indicado nas ordenanzas municipais en canto á segregación e separación dos residuos.

RESIDUOS DE ESCAVACIÓN [RCD Nivel I]				Porcentaxes estimadas		
Terras e materiais pétreos da escavación		Tratamento	Destino	Cantidad (t)		
X	17 05 04	Terras e pedras distintas das especificadas no código 17 05 03	Sen tratamento esp.	Restauración / Vertedoiro	0,00	Diferencia tipo RCD
	17 05 06	Lodos de drenaxe distintos dos especificados no código 17 05 05	Sen tratamento esp.	Restauración / Vertedoiro	0,00	0,15
	17 05 08	Balasto de vías férreas distinto do especificado no código 17 05 07	Sen tratamento esp.	Restauración / Vertedoiro	0,00	0,05
RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN [RCD Nivel II]						
Residuos de demolición ou derriba		Tratamento	Destino	Cantidad (t)		
X		Demolicións e derribas	Sen tratamento esp.	Restauración / Vertedoiro	341,25	
Residuos de construción e demolición		Tratamento	Destino	Cantidad (t)		
RCD: Natureza non pétreo		Tratamento	Destino	Cantidad (t)		
1. Asfalto						
	17 03 02	Mesturas bituminosas distintas ás do código 17 03 01	Reciclado	Planta de reciclaxe RCD	8,37	Total tipo RCD
2. Madeira						
	17 02 01	Madeira	Reciclado	Xestor autorizado RNPs	16,73	Total tipo RCD
3. Metais						
X	17 04 01	Cobre, bronce, latón	Reciclado	Xestor autorizado RNPs	4,18	0,10
	17 04 02	Aluminio	Reciclado		0,00	0,07
	17 04 03	Chumbo			0,00	0,05
	17 04 04	Zinc			0,00	0,15
	17 04 05	Hierro e Aceiro	Reciclado		0,00	Diferencia tipo RCD
	17 04 06	Estaño			0,00	0,10
X	17 04 06	Metais mesturados	Reciclado		10,46	0,25
	17 04 11	Cables distintos dos especificados no código 17 04 10	Reciclado		0,00	0,10
4. Papel						
X	20 01 01	Papel	Reciclado	Xestor autorizado RNPs	50,19	Total tipo RCD
5. Plástico						
X	17 02 03	Plástico	Reciclado	Xestor autorizado RNPs	25,10	Total tipo RCD
6. Vidro						
	17 02 02	Vidro	Reciclado	Xestor autorizado RNPs	25,10	Total tipo RCD
7. Yeso						
	17 08 02	Materiais de construción a partir de yeso distintos aos do código 17 08 01	Reciclado	Xestor autorizado RNPs	25,10	Total tipo RCD
RCD: Natureza pétreo		Tratamento	Destino	Cantidad (t)		
1. Area, grava e outros áridos						
X	01 04 08	Residuos de grava e rocas trituradas distintos dos mencionados no código 01 04 07	Reciclado	Planta de reciclaxe RCD	10,46	0,25
	01 04 09	Residuos de area e arxila	Reciclado	Planta de reciclaxe RCD	0,00	Diferencia tipo RCD
2. Formigón						
X	17 01 01	Formigón	Reciclado / Vertedoiro	Planta de reciclaxe RCD	167,31	Total tipo RCD

3. Ladrillos , azulexos e outros cerámicos

X	17 01 02	Ladrillos	Reciclado	Planta de reciclaxe RCD	43,92	0,35
	17 01 03	Tellas e materiais cerámicos	Reciclado	Planta de reciclaxe RCD	0,00	Diferencia tipo RCD
X	17 01 07	Mesturas de formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos distintas das especificadas no código 17 01 06.	Reciclado / Vertedoiro	Planta de reciclaxe RCD	31,37	0,25

4. Pedra

X	17 09 04	RDCs mesturados distintos aos dos códigos 17 09 01, 02 e 03	Reciclado		41,83	Total tipo RCD
---	----------	---	-----------	--	-------	----------------

RCD: Potencialmente perigosos e outros

Tratamento Destino Cantidad (t)

1. Lixos

X	20 02 01	Residuos biodegradables	Reciclado / Vertedoiro	Planta de reciclaxe RSU	2,93	0,35
X	20 03 01	Mestura de residuos municipais	Reciclado / Vertedoiro	Planta de reciclaxe RSU	5,44	Diferencia tipo RCD

2. Potencialmente perigosos e outros

	17 01 06	Mestura de formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos con sustancias perigosas (SP's)	Depósito Seguridade		0,00	0,01
	17 02 04	Madeira, vidro ou plastico con sustancias perigosas ou contaminadas por elas	Tratamento Fco-Qco		0,00	0,01
	17 03 01	Mesturas bituminosas que conteñen alquitran de hulla	Depósito / Tratamento		0,00	0,04
	17 03 03	Alcatrán de hulla e produtos alquitranados	Depósito / Tratamento		0,00	0,02
	17 04 09	Residuos metálicos contaminados con sustancias perigosas	Tratamento Fco-Qco		0,00	0,01
	17 04 10	Cables que conteñen hidrocarburos, alquitran de hulla e outras SP's	Tratamento Fco-Qco		0,00	0,20
	17 06 01	Materiais de illamento que conteñen Amianto	Depósito Seguridade	Xestor autorizado RPs	0,00	0,01
	17 06 03	Outros materiais de illamento que conteñen sustancias perigosas	Depósito Seguridade		0,00	0,01
X	17 06 05	Materiais de construción que conteñen Amianto	Depósito Seguridade		0,04	0,01
	17 08 01	Materiais de construción a partir de yeso contaminados con SP's	Tratamento Fco-Qco		0,00	0,01
	17 09 01	Residuos de construción e demolición que conteñen mercurio	Depósito Seguridade		0,00	0,01
	17 09 02	Residuos de construción e demolición que conteñen PCB's	Depósito Seguridade		0,00	0,01
X	17 09 03	Outros residuos de construción e demolición que conteñen SP's	Depósito Seguridade		0,04	0,01
	17 06 04	Materiais de illamentos distintos dos 17 06 01 e 03	Reciclado	Xestor autorizado RNPs	0,00	0,01
X	17 05 03	Terras e pedras que conteñen SP's	Tratamento Fco-Qco		0,04	0,01
	17 05 05	Lodos de drenaxe que conteñen sustancias perigosas	Tratamento Fco-Qco		0,00	0,01
	17 05 07	Balastro de vías férreas que conteñen sustancias perigosas	Depósito / Tratamento		0,00	0,01
X	15 02 02	Absorventes contaminados (trapos,...)	Depósito / Tratamento		0,04	0,01
X	13 02 05	Aceites usados (minerais non clorados de motor,...)	Depósito / Tratamento		0,08	0,02
	16 01 07	Filtros de aceite	Depósito / Tratamento		0,00	0,01
	20 01 21	Tubos fluorescentes	Depósito / Tratamento		0,00	0,02
	16 06 04	Pilas alcalinas e salinas	Depósito / Tratamento		0,00	0,01
	16 06 03	Pilas botón	Depósito / Tratamento	Xestor autorizado RPs	0,00	0,01
X	15 01 10	Envases baleiros de metal ou plastico contaminado	Depósito / Tratamento		2,30	Diferencia tipo RCD
X	08 01 11	Sobrantes de pintura ou vernices	Depósito / Tratamento		0,84	0,20
X	14 06 03	Sobrantes de disolventes non halogenados	Depósito / Tratamento		0,06	0,02
X	07 07 01	Sobrantes de desencofrantes	Depósito / Tratamento		0,31	0,08
X	15 01 11	Aerosois vacios	Depósito / Tratamento		0,21	0,05
	16 06 01	Baterías de chumbo	Depósito / Tratamento		0,00	0,01
X	13 07 03	Hidrocarburos con auga	Depósito / Tratamento		0,21	0,05
	17 09 04	RDCs mesturados distintos códigos 17 09 01, 02 e 03	Depósito / Tratamento	Restauración / Vertedoiro	0,00	0,02
					1,88	**

3.5. INSTALACIÓNS PARA ALMACENAMENTO, MANEXO, OU OUTRAS OPERACIÓNS DE XESTIÓN

Tendo en conta as características propias e de localización das obras, nunha contorna periurbano onde se acoutan as mesmas cun valado, limitando a circulación viaria segundo a fase dos traballos de que se trate, o espazo destinado para as instalacións de xestión de residuos restrinxirase a zonas acoutadas adxacentes aos ámbitos onde se executen escavacións, principalmente.

É de esperar que as distintas operacións de escavación orixinen cantidades notables de residuos pétreos, mampostería, formigón, obra de fábrica, etc., cantidades que se reducen durante o período de construción do itinerario peonil e ciclista, xa que corresponden aos sobrantes da posta en obra dos Materiais e produtos e ás súas embalaxes. Isto é, ao comezo da obra prodúcese os residuos sobrantes, e, a medida que esta vai avanzando e chegan os acabados e instalacións, orixínanse os procedentes das embalaxes.

As distintas áreas que se prevén localícense no ámbito de actuación repartiranse cunha disposición similar á que se expón a continuación:

- Zonas de almacenamento de Materiais pétreos; inicialmente expónse que os Materiais de escavación leven directamente a xestor autorizado. En canto ao material procedente de escavación de gabias, e igualmente debido ás limitacións de espazo, depositarase xunto ás propias gabias para a súa posterior reutilización na mesma
- Zonas de almacenamento de metais: prevese habilitar zonas para manexo de ferralla
- Zonas de almacenamento de Materiais potencialmente perigosos; se procurará súa retirada de la zona de traballos con la maior brevidade posible.
- Contedores de Madeira, de plásticos para reciclar, de papel e cartón, e de banais; hai que prever un número suficiente e anticiparse antes de que non haxa ningún baleiro.

O posuidor dos residuos deberá atopar na obra un lugar apropiado no que almacenalos. Se para iso dispuxese dun espazo amplo cun acceso fácil para máquinas e vehículos, conseguiríase que a recollida fose máis sinxela. Pola contra, se non se dispón desa zona haberá que mover os residuos dun lado para outro ata depositalos no camión que os recolla. É perigoso ter residuos dispersos por

toda a obra por cuestións de seguridade. Así pois, deberá asegurarse unha adecuada almacenaxe e evitar movementos innecesarios que entorpezan a marcha da obra e non facilitan a xestión dos residuos. En definitiva, poranse todos os medios para almacenalos correctamente e, ademais, sacalos da obra tan rapidamente como sexa posible.

É importante que os residuos se almacenen xusto despois de que se xeren para que non se ensucien e mestúrense con outros sobrantes, deste xeito facilitarase a súa posterior reciclaxe.

As dimensións tanto de zonas de almacenamento como de colectores a dispor será obxecto de adaptación ás características particulares dos seus sistemas de execución, sempre co acordo da dirección facultativa da obra.

Cando teña que levar a cabo o desmantelamento das instalacións temporais, ha de terse en conta que todo aquilo que non vaia a ser reutilizado con posterioridade, considérase un residuo e deberá ser xestionado como tal, para o que será depositado en colectores correspondentes e será xestionado por xestores autorizados.

3.6. PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES

A continuación inclúense unha serie de prescricións xerais de carácter xeral en relación co almacenamento, manexo, separación e outras operacións de xestión dos residuos de construción e demolición dentro dunha obra.

3.6.1. Condicións xerais

A xestión de residuos realizarase seguindo as indicacións presentadas no RD 105/2008, identificando os mesmos con arranxo á Lista Europea de Residuos publicada na Orde MAM/304/2002 de 8 de febreiro ou as súas modificacións posteriores.

O posuidor de residuos, o contratista para o caso, está obrigado á presentación á propiedade da obra un plan de xestión dos residuos de construción e demolición no que se concrete como se aplicará ao estudo de xestión do proxecto, así como a sufragar o seu custo e a facilitar ao produtor a documentación acreditativa da correcta xestión de tales residuos. A partir de determinados limiares esíxese a separación de residuos de construción e demolición en obra para facilitar a súa

valorización posterior, aínda que esta obrigaón queda diferida desde a entrada en vigor do Real Decreto en función da cantidade de residuos prevista en cada fracción. Devandito plan de xestión de residuos desenvolverá os contidos fixados no artigo 5 do RD 105/2008.

Levarase a cabo un control documental no que quedarán reflectidos os avais de retirada e entrega final de cada transporte de residuos.

A xestión tanto documental como operativa dos residuos perigosos que se achen nunha obra de construción rexerese conforme á lexislación nacional e autonómica vixente e aos requisitos das ordenanzas municipais.

As verteduras de aceites, combustibles, cementos e outros sólidos procedentes das zonas de instalacións non serán en ningún caso vertidos aos cursos de auga. A xestión deses produtos residuais deberá estar de acordo coa normativa aplicable en cada caso (residuos sólidos urbanos, residuos tóxicos e perigosos, residuos inertes, etc.). Neste sentido o contratista incorporará ao seu cargo as medidas para a adecuada xestión e tratamento en caso de vertedura accidental.

Os parques de maquinaria incorporarán plataformas completamente impermeabilizadas, e con sistemas de recollida de residuos e especificamente de aceites usados para as operacións de reportaxe, cambio de lubricantes e lavado.

De maneira específica deberanse definir os lugares e sistemas de tratamento das augas procedentes do lavado de formigoneiras.

Para evitar a contaminación das augas e do chan por verteduras accidentais as superficies sobre as que se sitúen as instalacións auxiliares deberán ter un sistema de drenaxe superficial, de modo que os líquidos circulen por gravidade e pódase recoller nas balsas de decantación calquera derrame accidental antes da súa infiltración no chan.

No caso de que o contratista decida situar unha planta móbil de reciclaxe 'in situ', esta deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Estar localizada dentro da zona de instalacións auxiliares, sobre solo impermeabilizado.

- Delimitar una zona para acopios de materiais para reciclar (áridos, vidros, madeira ou materiais cerámicos).

Da mesma forma, se se decide utilizar plantas de tratamento ou plantas de machaqueo, a estas débeseles asignar unha zona para provisión de material.

3.6.2. Residuos de construción e demolición

Os residuos inertes de construción e demolición deberán segregarse durante a súa xeración, localizando colectores adecuados para a súa provisión en diferentes partes da obra.

Haberá de cumprirse en todo momento o Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

O contratista deberá establecer en obra os medios necesarios para garantir a ausencia de mestura destes materiais con residuos perigosos; así como a inaccesibilidade ao público destes depósitos, no caso de que non poida garantirse a non-utilización destes colectores por parte do público, deberán trasladarse diariamente a xestor autorizado de residuos.

Estes residuos deberán ser xestionados independentemente pola empresa adxudicataria a través de xestor autorizado, garantindo un medio de transporte inscrito no rexistro de transportistas autorizados para traslado deste tipo de residuos.

3.6.3. Residuos vexetais

Todos os restos vexetais procedentes dos labores de roza e mantemento da vexetación, así como restos de herba procedentes da sega, roza e escarda, as follas secas e os restos de ramas procedentes de tallas, podas, e rozas serán comportados para a súa utilización como moito e/ou emenda na propia obra.

Débense ocupar para isto zonas habilitadas para a provisión de materiais, coidando de non mesturar con outro tipo de residuos ou materiais que puidesen facer perder a calidade como emenda orgánica ao compost.

Os restos vexetais leñosos menores de 5 cm de diámetro serán triturados sempre que sexa posible no lugar onde se xere o residuo. Para iso utilizarase ben a rozadora forestal de martelos ben

astilladoras autónomas de residuos leñosos. Unha vez triturado e durante a época de verán procederase á provisión dos residuos nas zonas habilitadas para tal fin.

Os restos herbáceos procedentes da sega e roza deberán de ser volteados, como mínimo dúas veces.

Naqueles casos que o material leñoso presente síntomas evidentes de pragas ou enfermidades, deberá efectuarse un diagnóstico da mesma, e tras iso consultarase á dirección facultativa se os residuos poden ser procesados co resto ou deben levarse ao vertedoiro.

3.6.4. Residuos perigosos

A provisión dos residuos perigosos deberá facerse en zonas especiais para isto: os Puntos Limpos, debendo garantir a segregación de cada un dos tipos de residuos para os que se conta con aceptación de residuos.

Non poderá realizarse a provisión en obra de residuos perigosos durante máis de 6 meses, sen que esta circunstancia supoña unha limitación para que se dispoña de toda a documentación necesaria para acreditar a correcta xestión de residuos perigosos.

En particular os requisitos referentes á xestión dos residuos perigosos que se xeren na obra serán:

- Dispoñer de Autorización de produtor de residuos perigosos (máis de 10 t) ou realizar a inscrición en el rexistro de pequenos produtores de residuos perigosos (menos de 10 t).
- Dispoñer de Documentos de aceptación por parte de una empresa de xestión de residuos perigosos autorizada, para los diferentes residuos tóxicos e perigosos xerados.
- Xestionar la retirada de residuos con transportistas autorizados para el transporte de residuos perigosos e asegurar que dicha retirada se realiza en condiciones adecuadas; entregar los residuos perigosos a xestores autorizados.
- No almacenar residuos perigosos nas instalacións da obra por tempo superior a 6 meses.
- Etiquetar os recipientes, ou envases que conteñan residuos tóxicos ou perigosos segundo o código de identificación de residuo que contén (conforme ao anexo do RD 833/1988; nome, dirección, teléfono do titular dos residuos e data de envase destes)/destes) e indicar a

natureza dos riscos que presentan os residuos mediante os pictogramas (anexo II do RD 833/1988).

- Levar un rexistro referente á xeración de residuos no que consten a cantidade, natureza, identificación (segundo anexo I do RD 833/1988), orixe, métodos e lugares de tratamento, así como as datas de xeración, cesión de tales residuos, frecuencias de recollida e medio de transporte.
- Cumprimentar los documentos de control e seguimento (formato oficial) dos residuos na entrega do xestor.
- Conservar todos os documentos relacionados coa xestión de residuos durante un período de tempo non inferior a 5 anos; no caso de ser produtor de residuos perigosos realizar a correspondente Declaración anual de produtor de residuos perigosos.

3.6.5. Residuos de terras sen características de terra vexetal non contaminada

As terras sen características de terra vexetal non contaminada deberán amosearse de maneira adecuada durante a súa xeración, impedindo a contaminación con residuos perigosos.

As provisións destes Materiais deberán restrinxirse ás zonas establecidas para tal efecto en obra, impedindo a ocupación de viarias, equipamentos e terreos lindeiros. En ningún caso poderanse apoiar sobre muros de edificacións ou instalacións.

Os Materiais serán utilizados no posible dentro da propia obra, e non deberán ser utilizados en vertedoiros de residuos salvo como parte do selado.

Deberán ser vertidos en acondicionamentos do terreo e recheos previamente aprobados pola Autoridade Ambiental.

3.6.6. Residuos sólidos urbanos

Os RSU serán depositados nos colectores correspondentes instalados dentro do ámbito de obra. Para isto distribuiranse colectores en obra, debendo ser correctamente sinalizados para o seu coñecemento e uso por parte de todo o persoal da obra.

A xestión destes residuos realizarase de acordo co sistema de xestión e recollida do municipio no que se desenvolvan os traballos, establecendo dispositivos ou sistemas de control que permita garantir que os contenedores non son utilizados por parte do público.

Os colectores deberán ser móbiles, e ter un tamaño adecuado para o seu traslado diario ao momento de entrega ao xestor ou para o seu traslado ao momento de recollida municipal.

A xestión dos residuos realizarase a través do servizo municipal de recollida de residuos, debéndose depositar de maneira regular nos colectores do servizo municipal.

En ningún caso poderanse producir situacións de insalubridade por acumulo de RSU en obra.

3.6.7. Segregación de residuos non perigosos

Os residuos xerados na execución da obra deben segregarse en orixe adecuadamente para que a xestión dos mesmos sexa de acordo á lexislación; en todo caso deberán segregarse en obra os residuos perigosos do non perigosos.

Para favorecer o cumprimento destas prescricións o contratista deberá achegar á Dirección Ambiental de Obra, antes da emisión da acta de reformulo, un procedemento específico de segregación de residuos ao que se deberá someter o contratista e todas as partes que participen na obra.

Os colectores deberán estar pintados en cores que destaquen a súa visibilidade, especialmente durante a noite, e contar cunha banda de material reflector de polo menos 15 cm ao longo de todo o seu perímetro.

Nos mesmos deberá figurar a seguinte información; razón social, CIF, teléfono do titular do colector/envase e o número de inscrición no rexistro de transportistas de residuos, segundo a normativa vixente.

Esta información tamén deberá quedar reflectida nos sacos industriais e outros medios de contención e almacenaxe de residuos.

O responsable da obra á que presta servizo o colector adoptará as medidas necesarias para evitar o depósito de residuos alleos ao mesmo. Os colectores permanecerán pechados, ou cubertos polo menos, fóra do horario de traballo, para evitar o depósito de residuos alleos á obra á que prestan servizo.

Este procedemento deberá establecer a seguinte segregación mínima de residuos inertes nas seguintes clases:

- Metais.
- Madeira.
- Vidro.
- Cerámicos.
- Papel e cartón.
- Plástico.
- Residuos que conteñen restos de mesturas bituminosas diferentes ás do código 17 03 01.
- Formigón.
- Pedras.

3.6.8. Segregación de residuos perigosos

Os residuos xerados na execución da obra deben segregarse en orixe adecuadamente para que a xestión dos mesmos sexa de acordo á lexislación; en todo caso deberán segregarse en obra os residuos perigosos do non perigosos.

Os residuos deberán segregarse de acordo cun procedemento específico que deberá achegar e ao que deberá someterse o contratista.

Este procedemento deberá adoptarse antes da acta de reformulo da obra, e deberá aprobalo a Dirección Ambiental da obra antes do inicio da mesma.

Este procedemento deberá establecer a segregación dos residuos perigosos dos seguintes tipos (relación non exhaustiva):

- Aceites usados.
- Terras manchadas de combustibles ou aceites.
- Outros materiais impregnados de aceites, hidrocarburos, e outras sustancias perigosas.
- Envases de aceites, combustibles, aditivos para o formigón.
- Residuos inertes de construción e demolición contaminados con aceites ou combustibles.
- Residuos impregnados con aditivos para o formigón, cemento, gunita...
- Envases de aerosois
- Tubos fluorescentes esgotados.
- Pilas.

En caso de detectarse en obra algún tipo de residuo perigoso que deba segregarse adicionalmente, o contratista deberá modificar o citado procedemento para adecualo á segregación deste novo residuo. O procedemento implantarase tras a aprobación do Director Ambiental de Obra.

Para todos estes tipos de residuos deberá obterse a aceptación de residuos perigosos por parte dun xestor autorizado antes da remisión da acta de reformulo.

A localización dos residuos perigosos deberá estar suxeita a estrito control, evitando a localización en puntos en que poidan ocasionar risco de contaminación, a determinar pola Dirección Ambiental de Obra.

3.6.9. Carga e transporte de residuos

A retirada de residuos será en todo caso realizada por transportistas autorizados para cada tipo de residuo.

A operación de carga farase coas precaucións necesarias para conseguir unhas condicións de seguridade suficientes. Os vehículos de transporte terán os elementos adecuados para evitar alteracións prexudiciais do material. O colector estará adaptado ao material que ha de transportar. O

traxecto a percorrer cumprirá coas condicións de anchura libre e pendentes adecuadas á maquinaria a utilizar.

O transportista entregará un certificado onde se indique, como mínimo:

- Identificación do produtor e do posuidor dos residuos.
- Identificación da obra da que provén o residuo e o número de licencia.
- Identificación do xestor autorizado que xestionou o residuo.
- Cantidade en t e m³ do residuo xestionado e a súa codificación segundo lista europea LER.

3.6.10. Limpeza final de la obra

Unha vez finalizada a obra, e de maneira previa á emisión da acta de entrega da obra, ha de realizarse unha comprobación visual da zona onde se levaron a cabo os traballos, así como nos arredores da mesma e verificar que non quedaron residuos no ámbito próximo á obra, que poderían causar un impacto negativo sobre a paisaxe.

Sen prexuízo das obrigacións do contratista no referente ao mantemento das adecuadas condicións de limpeza durante a execución, no caso de que queda algunha instalación, esta deberá ser demolida, e trasladados os residuos xerados durante esta operación a xestor autorizado.

De darse o caso de presenza de residuos non recollidos durante a execución da obra, procederase á limpeza xeral e recollida selectiva dos residuos por parte da empresa construtora. Estes residuos deberán ser transportados e xestionados de maneira inmediata.

A Dirección Ambiental de Obra deberá validar o cumprimento desta medida antes de emitirse a acta de entrega da obra.

3.7. VALORACIÓN ECONÓMICA PREVISTA PARA XESTIÓN DE RCD

Na seguinte táboa expónse o custo que supón cada tipo de residuo en función do volume xerado e o seu custo por metro cúbico, incluíndo este último a recollida, o custo de tratamento apropiado e un custo de transporte promediado con distancias a xestores do ámbito.

ESTIMACIÓN DO CUSTO DE TRATAMENTO DE RCD

Tipoloxía RCD	medición (t)	Custo xestión en Planta / Vestedero / Canteira / Xestor (€/t³)	Importe (€)
---------------	--------------	--	-------------

RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN [estimación t]

RCD Natureza non pétreo	192,41	13,46	2.589,84
RCD Natureza pétreo	376,45	13,36	5.029,37
RCD Potencialmente perigosos e outros	12,55	23,71	297,56

TOTAL CUSTO XESTIÓN RESIDUOS	7.916,77 €
-------------------------------------	-------------------

Realizando a suma das cantidades anteriores tense que o importe estimado para a xestión de residuos de construción e demolición ascende á cantidade de SETE MIL NOVECIENTOS DEZASEIS EUROS con SETENTA E SETE CÉNTIMOS.

ANEXO N° 7: ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAUDE

REDACCIÓN DO PROXECTO DE CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS NO

CONTORNO DO CEIPA IGREXA - CALO

ANEXO Nº 07: ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE

Páx.

1. OBXECTO DO ESTUDO	1
2. CARACTERÍSTICAS DA OBRA	1
2.1. ORZAMENTO DA OBRA	1
2.2. PRAZO DE EXECUCIÓN	1
2.3. MAN DE OBRA.....	1
3. EQUIPOS DE TRABALLO UTILIZADOS NA OBRA.....	1
4. AVALIACIÓN DE RISCOS LABORAIS.....	2
5. PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.....	9
5.1. EQUIPOS DE PROTECCIÓN COLECTIVA.....	9
5.2. EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL.....	10
5.3. PREVENCIÓN DE RISCOS INHERENTES Á MAQUINARIA	11
5.4. FORMACIÓN E INFORMACIÓN	12
5.5. MEDICAMENTO PREVENTIVO E PRIMEIROS AUXILIOS	13
6. SERVIZOS HIXIÉNICOS	13
7. INSTALACIÓN ELÉCTRICA	14
8. RISCOS PRODUCIDOS POR AXENTES ATMOSFÉRICOS.....	14
9. RISCO DE INCENDIOS.....	14
10. RISCO DE DANO A TERCEIROS	14
11. ORZAMENTO DE SEGURIDADE E SAÚDE.....	15

1. OBXECTO DO ESTUDO

O presente Estudo de Seguridade e Saúde (ESS) ten como obxecto servir de base para que as empresas contratistas e calquera outras que participen na execución das obras a que fai referencia o presente “*Proxecto de camiños escolares seguros no concello de Teo*”, lévenas a efecto nas mellores condicións que poidan alcanzarse respecto de garantir o mantemento da saúde, a integridade física e a vida dos traballadores das mesmas, cumprindo así o que ordena no seu articulado o R.D. 1627/97 de 24 de Outubro (B.O.E. de 25/10/97).

O estudo servirá para dar unhas directrices básicas á empresa construtora para levar a cabo as súas obrigacións no campo de prevención de riscos profesionais, facilitando o seu desenvolvemento baixo o control da Dirección Facultativa ou Coordinador en Materia de Seguridade e Saúde, de acordo co Real Decreto 1627/1997, de 24 de Outubro, polo que se implanta a obrigatoriedade da inclusión dun Estudo de Seguridade e Saúde no Tráballo en calquera obra, pública ou privada, na que se realicen traballos de construción ou enxeñaría civil. Ademais, servirá para que o contratista adjudicatario das obras desenvolva e presente, antes do inicio das mesmas, un Plan de Seguridade e Saúde de acordo co R.D. mencionado anteriormente.

2. CARACTERÍSTICAS DA OBRA

No presente epígrafe destacamos aqueles aspectos interesantes baixo o punto de vista do prevencionista para detectar os riscos e poder deseñar e adoptar as medidas preventivas oportunas.

2.1. ORZAMENTO DA OBRA

O Presuposto Base de Licitación sen IVE do proxecto ascende á cantidade de **CATROCENTOS OITENTA E OITO MIL CATROCENTOS CORENTA E DOUS EUROS con SESENTA E CATTRO CÉNTIMOS (488.442,64€)**.

2.2. PRAZO DE EXECUCIÓN

A duración prevista dos traballos é de SEIS (6) meses.

2.3. MAN DE OBRA

Dadas as características da obra, prevese un número máximo na mesma de 3 operarios. Dita asignación fíxose considerando o plan de obra, os equipos precisos en cada fase e o persoal necesario nos distintos traballos.

3. EQUIPOS DE TRABALLO UTILIZADOS NA OBRA

Entenderase como equipo de traballo, a maquinaria, aparellos, instrumentos ou instalacións utilizadas na execución das unidades construtivas que compoñen a obra.

As **unidades construtivas** que constitúen o proxecto da presente obra pódense resumir en:

A.- Movemento de terras

- Roza e escavación na explanación.
- Escavación de alicerces.
- Escavación por procedementos mecánicos.
- Recheo e compactado de terras.

B.- Firmes

- Firme bituminoso novo.

C.- Varios

- Sinalización vertical e horizontal, balizamento e defensa (barreiras de formigón e metálica).

Estímense como **equipos de traballo** asociados á execución de cada unha das unidades de obras arriba definidas os sinalados a continuación:

A.- Movemento de terras

Esta unidade de obra comprende toda a maquinaria necesaria para a realización dos traballos de limpeza e roza, escavacións, terrapléns, recheos e gabias para canalizacións e demolición de firme.

Os equipos de traballo que se consideran son:

- Equipos de escavación e empuxe (Bulldozer, Angledozer).
- Equipos de corte de pavimento (Sierra de disco de diamante).
- Equipos de escavación e carga (Pas cargadoras).
- Equipos de escavación en posición fixa (Escavadoras hidráulicas).
- Equipos de carrexo (Camións, semirremolques, dumpers, etc).
- Equipos de nivelación (Motoniveladora).
- Equipo de compactación (Rodetes, compactadores, camión con tanque para auga).
- Camión guindastre.
- Equipo de formigonado (camión formigoneira, autoformigoneira, vibradores, etc).
- Máquina pintabandas.
- Varredora.

4. AVALIACIÓN DE RISCOS LABORAIS

A.- Movemento de terras

- *Roza, explanación e escavación da chaira:*
 - Desprendementos.
 - Atropelos, golpes, envorcamentos das máquinas.
 - Caídas de persoas ao mesmo nivel.
 - Interferencias de liñas eléctricas e telefónicas aéreas.
 - Envorcamentos nas manobras de carga e descarga.
 - Inhalación de po.
 - Exposición ao ruído e ás vibracións.
 - Caída de árbores e arbustos por desenraizamento, si os houberse.
 - Ambiente pulvixeno.
- *Escavacións de pozos e gabias:*
 - Envorco dos cortes laterais dunha gabia ou pozo por:
 - Cargas ocultas tras o corte.
 - Sobrecarga na coroación, por acumulación de terras.
 - Prolongada apertura.

B.- Firmes granulares, aglomerado e regas asfálticos

Estímase nesta unidade de obra como equipo de traballo, a maquinaria necesaria para a extensión e posterior compactación de firmes granulares e bituminosas. A relación de equipos de traballo para a unidade de obra é:

- Dumpers.
- Motoniveladora.
- Maquinaria de compactación.
- Estendedora de produtos bituminosos.
- Camión cisterna para rega asfáltico.

C.- Varios (Sinalización vertical, horizontal, balizamento e defensa, etc.).

Considérase como equipo de traballo toda maquinaria ou instrumento necesario para a execución e terminación final das obras (colocación de elementos de contención de vehículos, bordos, sinalización vertical e horizontal). A relación de equipos de traballo é a seguinte:

- Retroescavadora mixta.
- Camión de transporte de materiais.
- Equipo de finca vertical.

- Noiros inadecuados.
 - Caída de persoas ao interior da gabia ou pozo.
 - Golpes pola maquinaria.
 - Atrapamentos pola maquinaria.
 - Caída da maquinaria á gabia.
 - Inundación.
- *Recheos e compactado de terras – terraplenado:*
 - Accidentes de vehículos por exceso de carga ou por mala conservación dos seus mandos, elementos resistentes ou rodas (envorcamentos e/ou atropelos).
 - Caída de material das caixas dos vehículos.
 - Caídas do persoal desde os vehículos en marcha.
 - Atropelos do persoal en manobras de vehículos.
 - Accidentes na vertedura do material, ao circular os camións marcha atrás, (contactos de tendidos eléctricos).
 - Perigo de atropelos por falta de visibilidade debido ao po.
 - Vibracións sobre as persoas.
 - Po ambiental.
 - Ruído puntual e ambiental.
 - Golpes polas compactadoras (pisonos, rulos).
- Golpes ás persoas polo transporte en suspensión de grandes piezas.
 - Envorcamento ou esborralle de tubaxes.
 - Cortes por manexo de máquinas - ferramentas.
 - Esmagamentos de mans ou pés ao recibir as tubaxes.
 - Caídas de persoal a distinto nivel.
 - Caídas de persoal ao mesmo nivel.
 - Atrapamentos entre obxectos (montaxe de tubos).
 - Feridas en extremidades polos tubos.

C.- Firmes granulares, aglomerado e regas asfálticos

▪ *Base, subbase, estendido asfáltico e compactación*

- Atropelos por maquinaria e vehículos.
- Atrapamentos por maquinaria e vehículos.
- Colisións e envorcamentos.
- Interferencias con liñas de media tensión.
- Queimaduras por utilización de produtos bituminosos ou asfálticos.
- Salpicaduras.
- Po.
- Ruído.

D- Urbanización, sinalización, balizamento e defensa e remates

▪ *Urbanización*

- Golpes por obxectos ou pezas pesadas.
- Cortes nas mans por manexo de pezas con arestas (cortantes de man).

B.- Instalación de tubaxes

- Golpes en mans, pés e cabeza.
- Erosións e contusións en manipulación.

- Sobreesforzos por posturas ou manexo de obxectos pesados (lumbalxia).
- Afeccións reumáticas por humidade continuada nos xeonllos.
- Caídas ao mesmo nivel.
- Afeccións respiratorias por produción de po (corte con serra circular).
- Esmagamentos.
- Afeccións á pel.
- Feridas por máquina cortadoras.
- Proxección de partículas.
- Salpicaduras de formigón en ollos.
- Erosións e contusións en manipulación.
- Dermatitis.

▪ *Sinalización vertical, pintado de marcas viarias e balizamento e defensa*

- Sobreesforzos.
- Atrapamentos e cortes por manexo de perfís.
- Caídas por terrapléns ou por cortes de escasa entidade.
- Erosións ou golpes por manexo de ferramentas manuais.
- Caída de persoas ao mesmo nivel.
- Caída de obxectos sobre as persoas.
- Intoxicación por emanacións tóxicas.
- Salpicaduras en ollos e corpo de sustancias corrosivas.
- Contacto con sustancias corrosivas.
- Afeccións pulmonares.

- Corpos estraños nos ollos.
- Maquinaria fóra de control.
- Incendios.
- Ruído.
- Vibracións.
- Accidentes de tráfico con maquinaria de obra.
- Envorcado da máquina pintabandas.
- Proxección de obxectos e partículas.

H.- Maquinaria

▪ *Retroescavadora*

- Proxeccións de obxectos e/ou fragmentos.
- Esmagamentos.
- Atrapamentos con cazo e partes móbiles.
- Atropelos e/ou colisións.
- Caída de obxectos e/ou de máquinas.
- Caídas de persoas a distinto nivel.
- Contactos eléctricos directos.
- Desprendementos.
- Golpes e/ou cortes con obxectos e/ou maquinaria.
- Vibracións.
- Sobreesforzos.
- Ruído.

- Envorco de máquinas e/ou camiós.
- *Camión con caixa basculante*
 - Afeccións na pel por dermatitis de contacto.
 - Queimaduras físicas e químicas.
 - Esmagamentos.
 - Atrapamentos.
 - Atropelos e/ou colisións.
 - Caída de obxectos e/ou de máquinas.
 - Caídas de persoas a distinto nivel.
 - Contactos eléctricos directos.
 - Golpes e/ou cortes con obxectos e/ou maquinaria.
 - Sobreesforzos.
 - Ruído.
 - Envorco de máquinas e/ou camiós.
- *Camión dúmper*
 - Queimaduras físicas e químicas.
 - Proxeccións de obxectos e/ou fragmentos.
 - Ambiente pulvixeno.
 - Esmagamentos.
 - Atrapamentos.
 - Atropelos e/ou colisións.
 - Caída de obxectos e/ou de máquinas.
- Caídas de persoas ao mesmo nivel.
- Contactos eléctricos directos.
- Golpes e/ou cortes con obxectos e/ou maquinaria.
- Vibracións.
- Sobreesforzos.
- Ruído.
- Envorco de máquinas e/ou camiós.
- *Camión guindastre*
 - Proxeccións de obxectos e/ou fragmentos.
 - Esmagamentos.
 - Atrapamentos.
 - Atropelos e/ou colisións.
 - Caída de obxectos e/ou de máquinas.
 - Caídas de persoas a distinto nivel.
 - Contactos eléctricos directos.
 - Desprendementos.
 - Golpe por rotura de cable.
 - Golpes e/ou cortes con obxectos e/ou maquinaria.
 - Vibracións.
 - Sobreesforzos.
 - Ruído.
 - Envorco de máquinas e/ou camiós.

▪ *Camión formigoneira*

- Afeccións na pel por dermatitis de contacto.
- Proxeccións de obxectos e/ou fragmentos.
- Esmagamentos.
- Atrapamentos.
- Atropelos e/ou colisións.
- Caída de obxectos e/ou de máquinas.
- Caídas de persoas a distinto nivel.
- Contactos eléctricos directos.
- Golpes e/ou cortes con obxectos e/ou maquinaria.
- Vibracións.
- Sobreesforzos.
- Ruído.
- Envorco de máquinas e/ou camiós.

▪ *Cortadora de pavimento*

- Afeccións na pel por dermatitis de contacto.
- Queimaduras físicas e químicas.
- Proxeccións de obxectos e/ou fragmentos.
- Ambiente pulvixeno.
- Caída de obxectos e/ou de máquinas.
- Caídas de persoas ao mesmo nivel.
- Contactos eléctricos directos.

- Contactos eléctricos indirectos.
- Corpos estraños en ollos.
- Golpes e/ou cortes con obxectos e/ou maquinaria.
- Pisada sobre obxectos punzantes.
- Inhalación de sustancias tóxicas.
- Sobreesforzos.
- Ruído.

▪ *Formigoneira*

- Afeccións na pel por dermatitis de contacto.
- Queimaduras físicas e químicas.
- Proxeccións de obxectos e/ou fragmentos.
- Ambiente pulvixeno.
- Atrapamentos.
- Caídas de persoas ao mesmo nivel.
- Contactos eléctricos directos.
- Contactos eléctricos indirectos.
- Corpos estraños en ollos.
- Golpes e/ou cortes con obxectos e/ou maquinaria.
- Sobreesforzos.
- Ruído.
- Envorco de máquinas e/ou camiós.

▪ *Formigoneira (motor de explosión)*

- Afecções na pel por dermatitis de contacto.
- Queimaduras físicas e químicas.
- Proxeccións de obxectos e/ou fragmentos.
- Ambiente pulvixeno.
- Atrapamentos.
- Caídas de persoas ao mesmo nivel.
- Corpos estraños en ollos.
- Explosións.
- Golpes e/ou cortes con obxectos e/ou maquinaria.
- Incendios.
- Sobreesforzos.
- Ruído.
- Envorco de máquinas e/ou camiós.
- *Máquina perforadora*
 - Proxeccións de obxectos e/ou fragmentos.
 - Esmagamentos.
 - Atrapamentos.
 - Caídas de persoas a distinto nivel.
 - Contactos eléctricos directos.
 - Golpes e/ou cortes con obxectos e/ou maquinaria.
 - Vibracións.
 - Sobreesforzos.
- Ruído.
- Envorco de máquinas e/ou camiós.
- Corpos estraños en ollos.
- *Tanque regador de produtos bituminosos*
 - Afecções na pel por dermatitis de contacto.
 - Queimaduras físicas e químicas.
 - Proxeccións de obxectos e/ou fragmentos.
 - Caída de obxectos e/ou de máquinas.
 - Caídas de persoas ao mesmo nivel.
 - Contactos eléctricos indirectos.
 - Corpos estraños en ollos.
 - Golpes e/ou cortes con obxectos e/ou maquinaria.
 - Inhalación de sustancias tóxicas.
 - Sobreesforzos.
 - Ruído.
- *Extendedora de aglomerado*
 - Afecções na pel por dermatitis de contacto.
 - Queimaduras físicas e químicas.
 - Altas temperaturas.
 - Proxeccións de obxectos e/ou fragmentos.
 - Ambiente pulvixeno.
 - Atrapamentos.

- Caídas de persoas ao mesmo nivel.
- Caídas de persoas desde a máquina.
- Corpos estraños en ollos.
- Explosións.
- Golpes e/ou cortes con obxectos e/ou maquinaria.
- Incendios.
- Sobreesforzos.
- Ruído.
- *Rodete compactador metálico*
 - Afeccións na pel por dermatitis de contacto.
 - Queimaduras físicas e químicas.
 - Esmagamentos.
 - Atrapamentos.
 - Atropelos e/ou colisións.
 - Caída de obxectos e/ou de máquinas.
 - Caídas de persoas a distinto nivel e desde a máquina.
 - Contactos eléctricos directos.
 - Golpes e/ou cortes con obxectos e/ou maquinaria.
 - Sobreesforzos.
 - Ruído.
 - Envorco de máquinas e/ou camiós.
- *Rodete compactador de pneumáticos*
 - Afeccións na pel por dermatitis de contacto.
 - Queimaduras físicas e químicas.
 - Esmagamentos.
 - Atrapamentos.
 - Atropelos e/ou colisións.
 - Caída de obxectos e/ou de máquinas.
 - Caídas de persoas a distinto nivel e desde a máquina.
 - Contactos eléctricos indirectos.
 - Golpes e/ou cortes con obxectos e/ou maquinaria.
 - Sobreesforzos.
 - Ruído.
 - Envorco de máquinas e/ou camiós.
 - Máquina de pintado de marcas viarias.
 - Afeccións na pel por dermatitis de contacto.
 - Esmagamentos.
 - Atrapamentos.
 - Atropelos e/ou colisións.
 - Caída de obxectos e/ou de máquinas.
 - Caídas de persoas a distinto nivel e desde a máquina.
 - Contactos eléctricos indirectos.
 - Golpes e/ou cortes con obxectos e/ou maquinaria.

- Sobreesforzos.
- Ruído.
- *Maquinaria de obra (en xeral)*
 - Contactos coa enerxía eléctrica.
 - Golpes por obxectos ou elementos das máquinas.
 - Atrapamento entre obxectos ou por elementos das máquinas.
 - Formación de atmosferas tóxicas.
 - Colisión entre vehículos.
 - Atropelo de persoas por vehículos.
 - Caída de vehículos por: Cortes do terreo, terrapléns, rampas.
 - Explosión por trasfega de combustible.
 - Caídas de persoas ao mesmo nivel.
 - Sobreesforzos (mantemento).
 - Ruído.
 - Vibracións (de máquinas en xeral e de vibradores de agulla e martelos pneumáticos en particular).
 - Ademais, existirán os riscos propios do mantemento da maquinaria: atrapamento por obxectos móbiles, electrocución, contacto con sustancias quentes ,etc.

I.- Medios auxiliares

- Caídas de persoas ao mesmo nivel ou distinto nivel.
- Caídas por fallo estrutural do medio auxiliar.
- Caída de obxectos desde altura sobre as persoas.

- Sobreesforzos durante a montaxe ou desmonte.
- Atrapamento entre obxectos.
- Envorcado do medio auxiliar por vento ou falta de arriostamento.
- Rotura por fatiga ou sobrecarga do material.
- Caída por mal ancoraxe.

5. PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

5.1. EQUIPOS DE PROTECCIÓN COLECTIVA

A.- Movemento de terras

- *Despexe, roza e escavacións*
 - Redes ou teas metálicas de protección para desprendementos localizados.
 - Valos de limitación e protección.
 - Cinta de balizamento.
 - Sinais acústicos e luminosos de aviso en maquinaria.
 - Varandas de protección.
 - Sinais de tráfico.
 - Sinais de seguridade.
- *En transporte, vertedura e compactación de formigón*
 - Valos de limitación e protección.
 - Cinta de balizamento.
 - Avisador acústico de marcha atrás.
 - Sinais luminosos de aviso en maquinaria.

- Sinais de tráfico.
- Regado de pistas.

▪ *Demolición de firmes*

No corte e demolición do firme da calzada existente para a realización da gabia utilizarase a serra de disco de diamante e o martelo pneumático. Os operarios que utilicen ditas ferramentas han de ser traballadores cualificados e con autorización por parte da empresa construtora. Non poderá utilizar ditas ferramentas ningún outro traballador. No momento en que se estea realizando o corte ou a demolición, ningunha outra persoa poderá estar nas inmediacións do lugar no que se estea efectuando a operación en curso.

Antes da utilización do compresor, o operario deberá realizar unha inspección do compresor e de todas as gomazas de condución de aire comprimido, asegurándose que todos e cada un dos latiguillos están en perfectas condicións. Queda terminantemente prohibido o deixar o martelo picador fincado no terreo, sempre se deberá deixar en posición horizontal.

Cando se prevexa unha parada nos traballos superior a 3 minutos deberá parar llo aparello (tanto a serra como o compresor), para evitar que algún outro operario acceda ao mesmo. Os aparellos deberán ter todas as medidas necesarias para evitar contactos eléctricos directos ou indirectos. O operario disporá de todos os equipos de protección individual necesarios que se indican máis adiante.

B.- Firmes granulares, aglomerado e regas asfálticos

- Sinalización.
- Avisadores acústicos.
- Valos de limitación e protección.
- Detectores de correntes erráticas.

C.- Urbanización, sinalización, balizamento e defensa e remates

- Valos e/ou mallas de limitación e protección.
- Cinta de balizamento.

- Sinais de seguridade.

D.- Máquina de pintado de marcas viarias

As operacións deben ser realizadas por operarios con experiencia. Os traballos deben quedar perfectamente sinalizados, segundo indícase no capítulo de sinalización. Os operarios deben ter todo tipo de elementos de protección individual, principalmente protectores auditivos e máscara de protección contra as inhalacións de produtos tóxicos procedentes das pinturas.

5.2. EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

Os riscos que non se poden evitar mediante a instalación das proteccións descritas nos apartado “Equipos de Protección Colectiva”, eliminaranse mediante o uso de equipos de protección individual, segundo o seguinte desglose:

A.- Movemento de terras e demolición de firmes

- *Protectores da cabeza*: cascos de seguridade e de protección contra choques e impactos. Pezas de protección para a cabeza (gorros, gorras, etc.).
- *Protectores do oído*: protectores auditivos de usar e tirar ou reutilizables, cascos antirruidos e protectores auditivos tipo “orelleiras” con arnés de cabeza, baixo o queixo ou a caluga.
- *Protectores dos ollos e da cara*: lentes de montura “universal”.
- *Protección das vías respiratorias*: equipos filtrantes de partículas.
- *Protectores de mans e brazos*: luvas contra as agresións mecánicas (cortes, vibracións)
- *Protectores de pés e pernas*: calzado de seguridade e protección.
- *Protección total do corpo*: roupa de protección para o mal tempo, roupa de protección, roupa antipó e roupa e accesorios (brazaletes, luvas) de sinalización (retroreflectantes, fluorescentes).
- *Protectores do tronco e abdome*: faixas e cintos antivibracións.

B.- Firmes granulares e aglomerado

- *Protectores da cabeza:* cascos protectores e de seguridade.
